



# XOVES

## I+D+i

Estimados/as amigos/as:

O Diario Oficial de Galicia (DOG) de hoxe publica a primeira convocatoria do programa **INDUSTRIAS DO FUTURO 4.0**, orientada a financiar proxectos de I+D estratéxicos en liña coas tendencias internacionais da Fábrica do Futuro e da Industria 4.0.

Esta convocatoria, en concorrencia competitiva, está dotada para o período 2016-2020 con **60 millóns de euros**. A través dela financiaranse **proxectos individuais ou en cooperación** entre empresas con capacidade para lideralos e organismos de investigación. Estes proxectos, cun **orçamento empresarial superior aos 20 millóns de euros**, deberán ser tractores dentro dos sectores máis destacados da economía galega, co obxectivo de producir un efecto arrastre sobre o resto do tecido industrial galego e incoar un proceso de transformación deste cara un novo modelo innovador. **A intensidade da axuda variará entre o 25% e o 75% do orçamento financiable do proxecto**, en función das características do proxecto e do beneficiario, en aplicación do marco normativo europeo. Podes consultar as bases completas da convocatoria na sección **Axudas 2016** da web de GAIN.

Paralelamente, vén de **actualizarse o anuncio** publicado en marzo a través do que se realizou unha **consulta preliminar do mercado** para identificar as características dos potenciais grandes proxectos de desenvolvemento experimental interesados en implantarse en Galicia e que serviu como base para definir esta convocatoria. Coa actualización deste anuncio, publicado no **DOG do pasado 5 de xullo**, perséguese **perfeccionar a consulta** para acadar unha maior eficiencia e eficacia do financiamento público. As novas manifestacións que se reciban teranse en conta para a definición de próximas convocatorias

do programa Industrias do Futuro 4.0. Podes consultar o contido do anuncio [aquí](#).

Agardamos que esta información sexa do teu interese e despedímonos ata o vindeiro xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando [aquí](#) . Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a [informa.gain@xunta.es](mailto:informa.gain@xunta.es).